XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

O CASTIÑEIRO
CEIP DE LAZA

# PROGRAMACIÓN

# XERAL

# ANUAL

# 2023 - 2024

# CEIP " O CASTIÑEIRO"

# LAZA

Cod.: 32015165 - R/ Castiñeiro 1, 32620 Laza (Ourense) - Tel. Fax.: 988 42 20 14 - Móbil: 693 802 261
e-mail: ceip.castinheiro@edu.xunta.es - web: centros.edu.xunta.es/ceipocastineiro

O CASTIÑEIRO
CEIP DE LAZA

# ÍNDICE

**1. INTRODUCCIÓN**

**2. O CENTRO E O SEU ENTORNO**

2.1.- O entorno

2.2.- O recinto escolar

2.3.- Servizos complementarios ( COMEDOR E TRANSPORTE)

2.4. – Persoal non laboral

**3. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO**

3.1.- Obxectivos

3.2.- Medidas e recursos para a súa consecución

**4. OBXECTIVOS XERAIS**

4.1.- Obxectivos xerais de Ed.Infantil

4.2.- Obxectivos xerais de Ed. Primaria

**5. ADAPTACIÓN Á COVID-19**

**6. DINAMIZACIÓN DA LÍNGUA GALEGA- INGLÉS ( SECCIÓNS BILINGÜES)**

**7.PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN DA LINGUA ORAL**

**8. ÓRGANOS DE GOBERNO**

8.1.- Equipo directivo

8.2.- Claustro de Profesores

8.3.- Consello escolar

**9. ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO**

9.1.- Adscrición

9.2. Acción titorial

9.3.- Biblioteca e medios audiovisuais

9.4.- Quendas de vixilancias

9.5.- Substitucións curtas

**10. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

**11. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN**
**DOCENTE** 11.1.- Equipo de Infantil
11.2.-Equipo de 1º,2º de EP
11.3.- Equipo de 3º,4º,5º de EP
11.4.- Equipo de actividades complementarias e extraescolares
11.5.- Equipo de Normalización Lingüística
11.6,- Equipo de Biblioteca
11.7.- Equipo das TIC
11.8.- Función dos equipos docentes
**12. PROXECTO LECTOR**
**13. PLAN TIC**
**14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**
12.1.- Programadas polo profesorado
12.2.- Programadas pola A.N.PA.
**15. HORARIOS**
15.1.- Calendario Escolar
15.2.- Días non lectivos
15.3.- Xornada escolar
15.4.- Unidades e postos de traballo
15.5.- Horario Escolar dos diferentes cursos
15.6.- Horario do profesorado
**16. PERÍODO DE ADAPTACIÓN**
**17. ESTRATEXIAS DAS NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS**
**18. PROCESO DE AVALIACIÓN**
18.1.- Avaliación do proceso de aprendizaxe
18.2.- Avaliación da ensinanza e a práctica docente
18.3.- Datas das avaliacións.
**19. MEDIOS PARA LEVAR A CABO O PROCESO**
**EDUCATIVO** 19.1.- Elementos materiais
19.2.- Elementos humanos

20. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

21. PROPOSTAS DE ACCIÓNS DE MELLORA

22. PLAN DE ORIENTACIÓN

## 23. CONCRECIÓN ANUAL P.X.A.D. 2023 - 2024

Reunido o Claustro de Mestres do C.E.I.P. "O CASTIÑEIRO" de Laza, a 19 de de outubro de 2023, aproba á PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.

O DIRECTOR

O SECRETARIO

Asdo.: Juan Luis Rivero Gallego

Asdo: Juan Luis Rivero Gallego

Reunido o Consello Escolar do C.E.I.P. "O CASTIÑEIRO" de Laza, 19 de outubro de 2023 aproba a PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.

O DIRECTOR O SECRETARI0

Asdo.: Juan Luis Rivero Gallego

## 1.- INTRODUCCIÓN

O Centro de Educación Infantil e Primaria "O CASTIÑEIRO" de Laza elabora o Plan de traballo a seguir ó longo do curso escolar 2023-2024procurando adaptalo no posible ós condicionantes propios do Centro e do alumnado.

Ó fixárense os obxectivos, así coma os medios para os acadar, e o desenrolo das actividades dirixidas á consecución dos fins propostos, preténdese, que o Plan sexa a canle principal do proceso educativo tendente a unha formación integral para tódolos alumnos adaptándoa no posible ás aptitudes e capacidades individuais.

Os recursos dispoñibles, o desenrolo das actividades e os resultados obtidos son analizados cada principio de curso para sometelos ás novas esixencias da vida social e cultural na que estamos mergullados.

Terase tamén en conta a incentivar os valores humanos do neno que motivarán e orientarán as súas inquedanzas de cara á vida profesional e social.

O presente Plan de traballo é o resultado da tarefa coordinada do Claustro deste Centro, encamiñado sempre de cara ó neno para acadar o seu mellor e mais completo desenrolo integral.

Tamén sinalar que con esta programación queremos un centro de **INCLUSIÓN** onde intentaremos dar solución a toda a diversidade da comunidade educativa.

## 2.- O CENTRO E O SEU ENTORNO

O colexio de Ensino Infantil e Primaria "**O CASTIÑEIRO**" de Laza está emprazado no barrio do Castiñeiro na vila de Laza, capital do concello do mesmo nome.

### 2.1.- <u>O entorno</u>:

**O concello de Laza** pertence á comarca de Monterrei. Está situado no sur leste da provincia de Ourense. Limita ó Norte cos concellos de Montederramo e Chandrexa de Queixa, ao Sur cos concellos de Castrelo do Val e Monterrei, ao Leste con Vilariño de Conso e Castrelo do Val e ao Oeste con Vilar de Barrio, Sarreaus e Cualedro.

Ten unha **superficie** de 215,90 km², sendo un dos concellos máis extensos de Galicia. A súa latitude é de 42º 03’ 5’’ N e a lonxitude de 7º 27’ 30’’ O. A altitude é de 482 m sobre o nivel do mar.

Ten unha **poboación** de 1.904 habitantes distribuída nas parroquias de Laza, O Castro, Alberguería, Carraxo, Matamá, Camba, Cerdedelo, Retorta, Trez e Toro. O resto dos pobos pertencentes ó concello de Laza son: Arcucelos, As Eiras, Naveaus, O Navallo, O Pereiro, O Santo, Souteliño, Sóutelo, Tamicelas e Vilameá.

**O Concello de Laza atópase rodeado** na parte Norte e Nordeste por unha área montañosa que comprende as serras de: San Mamede, Fial das Corzas e Invernadoiro, sendo este último un espazo natural protexido. Nestas Serras atopamos as maiores altitudes do concello: Cazcallal con 1.584 m; Pozo Negro, 1.516 m (situado na liña divisoria co municipio de Vilariño de Conso, parecen atoparse restos de pequenos fenómenos glaciares); Gancedo con 1.445 m; Collado da Viduela, 1.444 m; Collado da Aceveda e Baroncello 1.412 m; Cabeza do lombo Grande, 1.369 m; Louredo 1.355 m e Alto dos Cregos, 1.324 m. Ó Sur atópanse tamén importantes cordais montañosos nos que destaca o “Llano das minas“ con 1.089 m de altura. Polo Oeste atopámonos co Monte Meda a 1.089 m de altura, Altos de Baldriz, a 800 m e Alto de Penalba a 907 m de altitude

Deste xeito o centro do concello queda nunha depresión formada polo río Támega. Este sector central, aparece recuberto por aluvións de orixe terciaria e cuaternaria que na súa área sur pertencen xa o val de Monterrei.

**A climatoloxía** non é uniforme en todo o municipio, pois nas zonas altas o clima é de montaña, con invernos fríos e húmidos e veráns secos. A temperatura media anual é de 9ºC, mentres que no inverno descende por debaixo dos 3ºC en decembro e xaneiro. As precipitacións son elevadas (1.700 mm). Por outra banda, no val predomina un subtipo de clima oceánico de interior na variedade das depresións de matiz frío, como consecuencia do seu afastamento do océano. A temperatura media anual é baixa (10,5ºC). As precipitacións descenden considerablemente e máis nos últimos anos.

**No marco sociocultural** atopámonos en Laza cun concello de carácter rural, no que as actividades tradicionalmente incluídas nos sectores secundario e terciario (industria e

servizos) teñen escasa importancia, limitándose a algunhas industrias artesanais de explotación familiar.

Estamos ante unha **zona eminentemente AGRÍCOLA-GANDEIRA**, carente de industrias. A súa economía está baseada nas pensións da terceira idade, que dan para pagar o censo ata acadar a pensión de xubilación.

**No eido cultural**, cabe reseñar as carencias: non hai biblioteca pública (funciona a da Asociación 3 de maio); non hai ximnasio nin clubs federados; non existen centros para continuar estudios...

Cabe destacar, nembargante, o fondo **arraigo de tradicións ancestrais** como o Entroido ou festas coma as do Santo Cristo e outras.

Está a funcionar o pavillón polideportivo, inda que queda algo afastado do recinto escolar, que pode canalizar un pouco as arelas deportivas da xuventude da bisbarra.

## 2.2.- O recinto escolar

O recinto escolar onde está emprazado o Centro tiña ata o de agora unha extensión máxima aproximada duns cinco mil metros cadrados. Había que distinguir nel o Grupo Escolar, as Escolas Vellas, a caseta de Deportes e a zona non edificada que quedou excluída do recinto escolar logo da desafectación que se produciu no curso pasado quedando fora as Escolas Vellas e a zona non edificada que volveu pasar a ser propiedade do Concello de Laza, construíndose actualmente una rotonda cun carril exclusivo para autobuses escolares co que se vai a gañar en seguridade. A zona des afectada é duns 1000 m2 co que o recinto escolar vai pasar a ter uns 4000 m$^2$ aproximadamente.

O edificio do **grupo**, está situado ó Norte do recinto e está conformado por dúas plantas.

Na planta baixa, a dos servicios, están a **cociña** coa **despensa** e o **comedor escolar**, secretaría (**dirección**), **biblioteca** (con **sala de audio visuais**), sala de radio, **aseos de alumnos e Mestres, aula de ANPA** e patio cuberto utilizado como **ximnasio**.

No primeiro andar están as **aulas de primaria e infantil, os aseos do alumnado, sala de mestras e mestres, aula de informática, de inglés, apoio, e dous almacéns**.

Para poder **facer uso das instalacións do recinto escolar**, por entidades alleas o centro ( Concello , Asociacións...) hai que pedilo por escrito a Dirección, e esta remitirao á XEFATURA TERRITORIAL, que é quen resolve.

## 2.3.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Encádranse dentro deste sector os servizos de comedor e transporte .

**O COMEDOR ESCOLAR**,

A súa encargada será este curso un docente, Dª REBECA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ. É utilizado por un total de 26 alumnos do Colexio (unha alumna non se queda a comer por unha alerxia ó ovo). A estes teremos que engadir o resto de mestres, que serán colaboradores, Director, e Persoal laboral de cociña (con dereito a comer no Comedor Escolar, non obrigación ) .

- **ORGANIZACIÓN**
  - **FUNCIÓN XERAL ESCOLAR DO COMEDOR**

A referida normativa contempla o comedor escolar como un **servizo complementario de carácter educativo** que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada **función social e educativa.** Así, os comedores escolares, ademais de cumpriren unha **función básica de alimentación e nutrición**, están integrados na vida e organización dos centros educativos de tal maneira que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da programación xeral anual do centro educativo.

É **un Servizo complementario do Colexio, de xestión directa** por parte do centro, a disposición das familias, para facer compatibles as súas necesidades socio laborais e as educativas dos seus fillos. Ten, xa que logo, un carácter obrigatorio para os alumnos/as transportados e opcional para os non usuarios do transporte escolar, autorizado pola Administración

educativa, que haberá de rexerse pola normativa anteriormente citada e na modalidade de xestión directa.

Come ven recollido na orde o servizo de comedor destas características debe contar co seguinte persoal:

- O **Director do Centro**, quen dirixe e coordina o servizo do comedor escolar.

- Un **oficial de cociña** con contrato laboral coa Concellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- Un **encargado de comedor**.

- **Mestres/as colaboradores/as** encargadas da atención aos usuarios do comedor. Correspóndelle unha persoa polo numero de comensais e outra por contar co segundo ciclo de educación infantil. Os días que non atenden e comen pagan as tarifas establecidas, sempre que haxa prazas libres e estean autorizadas.

Todas as familias recibirán a través da encargada información da comida dos seus fillos cos menús de cada mes por ABALAR e na WEB do centro

O CASTIÑEIRO
CEIP DE LAZA

**2.4. PERSOAL NON LABORAL.**

O persoal laboral co que contamos é o seguinte:

- Un Oficial de Cociña: que se encarga da cociña e comedor. ( DIÉGUEZ MACÍA, JOSÉ )
- Auxiliar de conversación: Alexandra Turda. (Compartida Castrelo do Val)

**2.5. TRANSPORTE ESCOLAR**

O transporte escolar é integrado, que é utilizado polos alumnos procedentes de distintas parroquias do entorno é realizado por autocares pertencentes a UTES. Como

servizo complementario é conveniente que o transporte escolar funcione o mellor posible. As **normas** que a continuación se especifican serán coñecidas polos condutores, acompañante, polos alumnos usuarios e mesmo polos pais ou titores destes. Todos os usuarios terán a obriga de cumprilas.

*SAÍDA DO COLEXIO CARA AO AUTOBÚS*

- O autobús estará completamente parado e coas portas abertas cara a entrada do colexio, debidamente situado.
- Todos os alumnos transportados sairán do colexio pola porta central, evitando caídas e empurróns.
- Tanto a acompañante como o mestre que lle toca a garda de autobús estarán pendentes de que saian e entren no autobús en orde.
- Subirán ó autobús en orde e sen correr nin empuxar.
- Cada alumno ocupará sempre o mesmo asento.

*DURANTE A VIAXE*

- O autobús levará unha velocidade moderada.
- Os alumnos permanecerán sentados nos seus asentos respectivos ata que o autobús pare nas súas respectivas aldeas.
- Ao baixar, a acompañante axudará aos máis cativos.
- Ao saír do coche, esperarán a que este arranque de novo antes de dirixirse as súas respectivas casas.
- Nunca poderán cruzar a estrada nin por diante nin por detrás do autobús.
- Non poderán abrir as ventás e asomarse, nin arroxar papeis ou outros obxectos ó exterior.

- Manterán o autobús limpo e en bo estado, sen causar danos.

*CHEGADA AO CENTRO*

- O autobús situarase coas súas portas abertas fronte a fachada principal do colexio.
- Abrirá as portas cando estea completamente parado.
- Os alumnos non poderán saír do autobús antes de que algún mestre abra as porta. s de entrada.
- Os alumnos baixarán amodo, nunca correndo nin xogando. Entrarán de inmediato no colexio e permanecerán dentro do recinto escolar.

<u>LISTADO DE ALUMNOS POR PARADA:</u>

<u>RUTA CONTRATO:</u> XG 502. UTE Gavilanes S.L. Autocares E. Losada S.L. Ruta 82S

1. Matamá: 2 alumnos.
2. Arcucelos: 1 alumnos.
3. Retorta: 1 alumno

<u>RUTA CONTRATO:</u> XG 514 . UTE Empresa Villalón La Hispano S.L. Igualadina S.L. Empresa.

1. Soutelo Verde: 1 alumnos.
2. Castro- Vilaméa: 4 alumnos.

Outro desdobre desta ruta é:

4. Navallo: 1 alumnos.

5.Trez: 2 alumnos.

# 3.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

Durante o presente curso adaptaremos todos os obxectivos para que cumpran coas Competencias Básicas establecidas no currículo.

## 3.1.- Obxectivos

- Valorar e estimar as linguas da nosa comunidade, facendo un uso delas en tódalas situacións que o requiran, respectando sempre ós demais.
- Fomentar o gusto pola lectura e desenrolar a comprensión lectora.
- Expresarse oralmente e por escrito en galego e castelán, con coherencia, corrección e creatividade.
- Facer uso das linguaxes oral e escrita como instrumento para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
- Prestar especial atención ó cálculo matemático.
- Mellorar o funcionamento xeral do centro, non só a nivel académico senón tamén a nivel de comportamento, orde e valores.
- Coñecer, apreciar e desfrutar do patrimonio cultural do seu entorno (e do país), participando na súa conservación, mellora e difusión sen menosprezar a outros pobos e culturas.
- Inculcar nos nenos o respecto á Natureza e a importancia da conservación da mesma.
- Adoptar actitudes positivas e comprometedoras na construción dun mundo máis xusto e solidario.

## 3.2.- Medidas e recursos para a súa consecución

- Estimular ós nenos no uso do galego.
- Promover a lectura e o uso da biblioteca por parte dos titores e profesores de

galego e lingua española.

- Levar control dos libros e comprobar a súa comprensión por medio dunha ficha.
- Nas clases de matemáticas, adicar algún tempo ó cálculo mental.
- En épocas coma o entroido inculcarlle a importancia das tradicións deste pobo, da súa cultura e do seu patrimonio.
- profesor subirá ó tocar o timbre e esperará na clase ó seu grupo de alumnos.
- Ninguén saíra da clase ata que soe o timbre e cada profesor velará para que a saída sexa ordenada.
- Facer campañas de recollida de pilas e si fora posible por parte do Concello, tamén de papel.
- Nas saídas ó campo, velar pola limpeza do lugar.
- Explicarlles a importancia das campañas promovidas por Medio Ambiente para axudar a conservar a Natureza.
- Facerlles ver que existen grupos sociais diferentes (raza, sexo, cultura, relixión,...) ós que debemos ter moi en contra e non discriminar.

## 4.- OBXECTIVOS XERAIS ETAPAS

### 4.1.- Obxectivos xerais de Ed. Infantil

- Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o propio corpo formándose unha imaxe positiva de si mesmos, valorando a súa identidade sexual, as súas capacidades e limitacións de acción, expresión, adquirindo hábitos básicos de saúde e benestar.
- Actuar de forma cada vez máis autónoma nas súas habilidades habituais adquirindo progresivamente seguridade afectiva, emocional e desenrolando as súas capacidades de iniciativa e confianza en si mesmos.

- Establecer relacións sociais nun ámbito cada vez máis amplo, aprendendo a articular progresivamente os propios intereses, puntos de vista e aportacións cos demais.
- Adquirir vínculos fluídos de relación cos adultos e cos seus iguais, respondendo ós sentimentos de afecto, respectando a diversidade e desenrolando actitudes de axuda e colaboración.
- Observar e explorar o entorno inmediato cunha actitude de curiosidade e coidado, identificando as características, propiedades máis significativas dos elementos que o conforman e as relacións que se establecen entre eles.
- Coñecer as manifestacións culturais do seu entorno, mostrando actitudes de respecto, interese e participación cara elas.
- Representar e evocar aspectos diversos das realidades vividas, coñecidas ou imaxinadas e expresalas mediante as posibilidades simbólicas que ofrecen o xogo; e outras formas de representación e expresión.
- Utilizar a linguaxe verbal de forma axustada ás diferentes situacións habituais para comprender e ser comprendidos polos outros, expresar as súas ideas, sentimentos, experiencias, desexos; avanzar na construción de significados, regular a propia conduta e influír na dos demais.
- Enriquecer e diversificar as súas posibilidades expresivas mediante a utilización dos recursos e medios ó seu alcance, así como apreciar diferentes manifestacións artísticas propias da súa idade.

**4.1.- <u>Obxectivos xerais de Ed. Primaria</u>**

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo co elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido

crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- Adquirir en, polo menos, unha Lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e resolver situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a resolución de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen a aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e mas relacións coas demais persoas, así coma unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## 5.- ADAPTACIÓN Á COVID-19

Xa non hay protocolo.

## 6.- DINAMIZACIÓN LINGÜISTICA

### .6.1.- OBXECTIVOS XERAIS

- Valorar e estimar a lingua galega, comprendendo as circunstancias que condicionan o seu uso social.
- Empregar a lingua oral e escrita como instrumento para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
- Expresarse oralmente e por escrito con coherencia, corrección e creatividade, tendo en conta as súas necesidades de comunicación.

- Facer uso da nosa fala con normalidade en tódalas situacións comunicativas, respectando as regras básicas.
- Coñecer e usar tódolos recursos expresivos, na comunicación directa con outras persoas.
- Fomentar o gusto pola lectura en Lingua Galega, de calquera tipo de texto.
- Saber que existen outras linguas na nosa comunidade, respectalas e ás persoas que as falan.
- Utilizar os medios de comunicación como fonte de información e de entretemento.
- Facer uso da biblioteca escolar motivándoos para que fagan eles mesmos a súa propia na casa.
- Valoración da orixinalidade no uso da lingua.
- Cultivar a tradición popular a través de lendas, xogos, contos, refráns, oracións, adiviñas...

**6.2.- PLAN XERAL PARA O USO NORMATIVIZADO DA LINGUA GALEGA NO CENTRO.** ***Enquisa galego en educación infantil***

Os nenos e nenas de Educación Infantil, son todos galego falantes e utilizan o galego como lingua vehicular, a excepción dunha nena que e castelán falante, pero que entende o galego perfectamente.

**1.- Aspectos xerais de organización e de relación.**

1.1.- Falar "sempre" en galego nas relacións persoais da nosa comunidade educativa, dentro e fora das aulas, no comedor, nos patios…

1.2.- Que a lingua galega sexa a "única" empregada na documentación administrativa e demais xestións do centro.

1.3.- Utilizar o galego na composición lingüística de biblioteca, na enumeración de revistas, diarios, xornais..., que cheguen o centro.

**2.- A lingua normativizada no ensino**

2.1.- Usar o galego con normalidade en tódalas aulas: Educación Infantil, e en Educación Primaria, e en tódalas materias de uso obrigado.

2.2.- Supervisar e cumprir co uso da nosa lingua nos traballos, controis e outras actividades de ensinanza/aprendizaxe ou programacións que afecten a alumnos/as do centro ou a cursos.

2.3.- Facer unha valoración global da lingua empregada no centro, tendo en conta si se axusta ós mínimos esixidos pola normativa vixente.

O Equipo de Normalización Lingüística coidará que tódolos obxectivos propostos sexan conseguidos pola comunidade educativa coa colaboración do claustro. Na avaliación terase en conta o uso correcto da lingua ditado pola normativa.

**6.3.- PLAN ESPECÍFICO PARA O ENSINO DA LINGUA GALEGA NO CENTRO.**

**Lingua e Literatura**

- Acadar os obxectivos propostos e levar a cabo a programación establecida para este curso.
- Coñecer as particularidades da lingua da bisbarra e seguir valorándoa e respectándoa como se merece.
- Elaborar traballos e unidades didácticas relacionadas cos centros de interese propostos para este curso polo ENL.

**Ciencias Naturais e Ciencias Sociais**

- O ensino desta materia está totalmente normativizado. Continuaremos nesta liña programando e facendo actividades, probas de control e avaliacións.
- Realizaremos unidades didácticas de temas elixidos e dos contidos de cada ciclo.
- Traballaremos xeograficamente cada recuncho desta zona, do concello e da bisbarra.

## 6.4.- SECCIÓNS BILINGÜES (VER PROXECTO)

## OBXECTIVOS XERAIS DO PROXECTO BILINGÜE

- Utilizar o inglés como vehículo de aprendizaxe e de coñecemento noutras áreas curriculares, en Educación Plástica.
- Desenvolver nos alumnos/as o coñecemento e uso adecuado, tanto da lingua galega como da lingua inglesa, nas súas manifestacións orais e escritas, que permitan aos alumnos/as adquirir a competencia comunicativa necesaria para desenvolverse en situación cotiás.
- Reflexionar sobre o funcionamento lingüístico e comunicativo de ambas linguas, o que axudará na aprendizaxe destas.
- Mellorar as competencias lingüísticas aos nenos/as, proporcionándolles vocabulario necesario e fluidez lingüística apropiadas para tal aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que axuden á contextualización da lingua así como outras estratexias comunicativas que se usen nos países anglosaxóns.
- Permitir ao alumno/a coñecer outras culturas e costumes, que lle axudarán a formarse nun ambiente de tolerancia e solidariedade propias dunha sociedade pluricultural, desenvolvendo un espírito crítico.
- Involucrar ao centro nunha idea social plurilingüe e pluricultural, na que se integran os procesos de comunicación e intercambio de experiencias a través das TICs, e así favorecer o desenvolvemento da sociedade do coñecemento do século XXI.
- Proporcionar ao alumnado, especialmente a aqueles con necesidades educativas especiais, as estratexias necesarias para enfrontarse a situacións da vida cotiá, a través dun maior dominio do inglés, idioma presente nas novas tecnoloxías e a informática.
- Involucrar, como parte esencial da aprendizaxe, a participación dos alumnos/as en futuros proxectos europeos que queremos emprender no futuro coma irmandamento entre centros ou intercambio de información a través de Internet (blogues..).

**Outras áreas**

- Ampliaremos vocabulario sobre estas áreas.
- Facilitarlles libros de consulta, de lectura, revistas, cadernos, para facer traballos relacionados con estas áreas.
- A elaboración de unidades didácticas e confección de material pedagóxico para apoiar a estas áreas: inglés, música, plástica, matemáticas, relixión, educación física.

Teremos en conta a afectividade, facendo que se sintan orgullosos da súa cultura e da súa lingua.

**..- CONTIDOS A TRABALLAR**

Continuaremos na mesma liña doutros cursos traballando todo aquilo que teña tradición e popularidade, mediante as diferentes actividades e unidades didácticas, na que participa toda a comunidade educativa, concello e pais e nais.

Traballaremos:

- O CAMPO, profundando o que é a horta e as froitas.
- A VENDIMA, traballaremos a recollida da uva, elaboración e posterior envasado do viño. Estudiaremos tamén o mercado que ofrece este produto na nosa bisbarra.
- O MAGOSTO, ademais de manter a tradición viva traballamos contidos de apreciación e coidado da natureza a través da saída ó monte.
- O NADAL E REIS, sendo unha das festividades máis entrañables da nosa cultura traballaremos ó mesmo tempo valores de solidariedade, interculturalidade e paz. Levaremos a cabo representacións teatrais, panxoliñas e contos.
- A PAZ, onde ademais celebramos os aniversario de todos os nenos e nenas, asi como o resto de mestres e persoal non docente.
- O ENTROIDO. Trátase da tradición máis viva deste concello polo que se lle adica todos os anos un tratamento especial.

- OS MAIOS E O SANTO CRISTO, onde traballaremos a investigación das orixes desta festividade tan arraigada e curiosa.
- O DÍA DAS LETRAS GALEGAS. Adiarémoslle unha semana completa na que estudiaremos vida e obra do autor/a homenaxeado este ano. Remataremos a semana cun festival no que os rapaces demostran as súas dotes interpretativas con cancións, bailes tradicionais, poesías, e o visionado dun vídeo adicado ó autor entre outras cousas.

  Tamén se farán actividades e unidades didácticas sobre os temas transversais.

**. ACTIVIDADES A DESENVOLVER**

Para este vindeiro curso 2023-2024propoñemos a realización das seguintes actividades dentro da xornada lectiva na que contamos coa participación dos diferentes membros da comunidade educativa.

. O Camiño de Santiago por Laza

- Saída á Natureza.
- Outras saídas lúdicos-culturais, pendentes de concretar.
- Xente ilustre da nosa comarca.
- Escoitar música popular, clásica, moderna...
- Facer teatro mediante adaptacións de obras coñecidas ou inventadas.
- Visio nado de vídeos e debatelos fomentando unha actitude crítica e construtiva.
- Motivar a comunidade educativa para participar e colaborar en tódalas actividades planeadas e nas que poidan xurdir.
- Continuación das actividades da Biblioteca de centro.
- Estudo de diferentes xornais e revistas profundando no uso da publicidade co fin de acadar unha boa educación para o consumo.
- Actividade de CONTACONTOS, por parte de toda a comunidade educativa

Se ó longo do curso xurde algunha actividade que consideramos de interese ou positiva para conseguir un desenvolvemento positivo da nosa lingua non dubidaremos en traballala aínda que non conste nesta programación xeral.

# 7.- PROGRAMA DE ESTIMULACION DA LINGUA ORAL

## 1. XUSTIFICACIÓN

O Departamento de Orientación deste centro co apoio e colaboración das titoras , decidimos levar a cabo o deseño, desenvolvemento e avaliación dun Programa da Estimulación da Linguaxe Oral en todos os niveis de EI.

Esta decisión xustifícase coa necesidade de previr a aparición de problemas lingüísticos nesta etapa e na necesidade de mellorar as dificultades evolutivas dalgúns nenos, que se beneficiarán de dito programa sen teren que saír da aula ordinaria.

Ademais, este programa permite a detención precoz de problemas comunicativo-lingüísticos, evitando deste xeito que persistan ata converterse en dificultades máis graves.

Así, polo tanto, a finalidade deste Programa implica, por unha banda a estimulación da adquisición da linguaxe dos nenos/as de 3 a 6 anos nos niveis fonético-fonolóxico, léxico, semántico e pragmático. Por outra banda, conseguirase previr a aparición de futuras alteracións, así como detectar precozmente as dificultades antes de que sexan máis graves.

## 2. OBXECTIVOS XERAIS

- Prevención de posibles alteracións lingüísticas:
- Potenciación dos mecanismos básicos da linguaxe: audición, voz e articulación.
- Establecer a adquisición das dimensións da linguaxe: forma, contido e uso.

- Estimulación do desenvolvemento comunicativo

- Favorecer o desenrolo dos procesos de comprensión e producción lingüística como recurso eficaz para compensar ou paliar diferenzas orixinadas polas desigualdades socioeconómicas e culturais

- Favorecer, mediante situacións diversas, os diferentes usos da linguaxe, de maneira que se vaian desenvolvendo as principias habilidades e funcións lingüísticas.

- Crear e estimular o desenrolo de situacións de comunicación respetando as normas propias da comunicación, sempre usando o conto, o xogo, a canción… como estratexias lúdicas e creativas da linguaxe.

**3. <u>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</u>**

- **<u>Ámbito fonético-fonolóxico</u>**
  - Oír e escoitar sons reais
  - Aprender a escoitar ruídos provocados
  - Producir e recoñecer accións sonoras e describilas con e sen apoio visual (memoria auditiva)
  - Distinguir a calidade sonora forte-frouxo; ruído-silencio
  - Discriminar sons producidos polo corpo e sons ambientais
  - Tomar conciencia e vivenciar o propio nariz e a dos compañeiros
  - Tomar conciencia da inspiración e expiración rino bucal e nasal
  - Crear hábitos de hixiene nasal e farínxea
  - Consolidar o ritmo, intensidade e duración do sopro
  - Exercitar a respiración nasal

- Exercitar os músculos faciais e linguais: praxias
- Imitar movementos
- Illar sons foneticamente

Agrupar fonemas idénticos

- Articular de fonemas vocálicos, consonánticos e sinfóns

- **<u>Ámbito léxico semántico e pragmático</u>**
  - Reproducir e identificar onomatopeicas
  - Ampliar o vocabulario
  - Memorizar e recitar rimas, trabalinguas, cancións…
  - Coñecer conceptos básicos: arriba, abaixo, dereita, esquerda…
  - Coñecer as calidades dos obxectos
  - Clasificar o vocabulario en campos semánticos
  - Describir ilustracións
  - Contar contos en base a imaxes
  - Imitar accións
  - Narrar historias da vida cotiá

- **<u>Percepción sensorial</u>**
  - Percibir coa man a expulsión do aire polo nariz e pola boca
  - Imitar movementos do corpo
  - Estimular a coordinación dinámico-xeral

## 4. CONTIDOS

- Relaxación e masaxe
- Respiración – Hixiene nasal
- Soplo: control, intensidade e direccionalidade
- Praxias: labios, lingua, mandíbula, faciais e veo do padal.
- Discriminación auditiva:

sons, fonemas e palabra-

frase

Asociación de estímulos

auditivos e visuais

Memoria auditiva e visual

Articulación-ritmo

Estructuración espazo-

temporal Vocabulario

Conciencia fonolóxica

Morfosintaxe e pragmática

Xeneralización

**5. ACTIVIDADES TIPO**

As actividades deseñadas deben de respostar aos seguintes criterios:

Deben ser curtas e atractivas para evitar a fatiga dos nenos/as

Deben empregar materiais motivadores e vistosos para evitar a falta de atención

Deben exercitar a linguaxe oral

Deben estimular todos os sentidos

Deben estar baseadas no xogo

## 8.- ÓRGANOS DE GOBERNO

**8.1.- Equipo directivo**

Por ser un Centro de 3 unidades, 2 de Ed. Primaria e un de Ed.Infantil conta cun Director (Juan Luis Rivero Gallego).

O plan de actividades será dirixir e coordinar esta Comunidade Educativa, escoitar e tratar de solventar os problemas que poidan xurdir, animar a todo o profesorado para poder lograr entre todos os obxectivos plantexados nesta Programación Xeral Anual e tratar de que a convivencia entre todos os que interveñen na educación dos alumnos deste centro sexa o mais cordial e agradable posible.

**Horario de dirección:**

- DE LUNS A VENRES: 9.30 – 10.30,
- XOVES: 09:30- 11:30.

**8.2**.- **Claustro de Profesores**

O Equipo Docente está formado por:

- 1 mestra de Ed. Infantil: CAROLINA PALOMANES MARTÍNEZ* (Baixa)
  OLGA VIEITO PLAZA (Substituta)
- 1 mestre de Ed. Física: JUAN LUIS RIVERO GALLEGO
- 1 mestre de Inglés: JOSÉ ESMELÍN SIXTO VALCÁRCEL
- 1 mestra de Música: LUCÍA FEIJOO MÍGUEZ
- 1 mestra de AL (itinerante)*: REBECA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
- 1 mestra de relixión* (itinerante): PATRICIA LÓPEZ DOMÍNGUEZ
- 1 mestra de orientación* (itinerante): JENNIFER FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ
- 1 mestra de PROA+, reforzo PRIMARIA * (media xornada – todo curso): AINARA ÁLVAREZ FERNÁNDEZ

Nunha das reunións do principio de curso, fíxose a distribución de titorías e horarios e constituíronse os diferentes equipos e departamentos (queda reflectido máis adiante).

**8.3.- Consello Escolar**

A súa composición é a seguinte:

- Presidente: JUAN LUIS RIVERO GALLEGO
- Representantes dos Mestres: Carolina Palomanes Martínez (baixa)
- Representantes dos Mestres*: Pérdese ata nova renovación
- Representantes dos pais: Begoña Pérez López (ANPA) e Rebeca López Ferrero
- Representante do Concello: José Ramón Barreal Novo
- Secretario: JUAN LUIS RIVERO GALLEGO* (Mentras dure a baixa de Carolina Palomanes Martínez)

# 9.- ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO

A situación actual do profesorado non é estable, só a titora de infantil e o mestre de Educación Física son os únicos definitivos no centro.

## 9.1.- Adscrición

A adscrición do profesorado ás diferentes titorías queda como segue:

- Ed. Infantil: Carolina Palomanes Martínez (Olga Vieito Plaza), titora de infantil.
- Ed. Primaria: José E. Sixto Valcarcel, titor 1º, 2º, 3º e ademais imparte Inglés en todo o centro. Coordinador de extraescolares.
- Ed. Primaria: Lucía Feijoo Míguez, titor de 4º, 5º, 6º EP. Mestra de música :, imparte esta área en tódolos cursos de Primaria e en educación infantil. Coordinadora Benestar
- Mestra de relixión: Patricia López Domínguez, imparte esta área en tódolos cursos de Primaria e en educación infantil.
- Educación Física: Juan Luis Rivero Gallego. Director. Imparte ademais Matemáticas e Sociais en 1º, 2º, 3º EP e proxecto competencial en 4º, 5º, 6º EP. Coordinadora da Biblioteca Escolar
- Audición e linguaxe: Rebeca Fernández González. Itinerante. Coordinadora Tics, Plan dixital e PFPP
- Educación Primaria, PROA+: Ainara Álvarez Fernández
- Orientadora: Jennifer Fernñandez Rodríguez. Itinerante.

O CASTIÑEIRO
CEIP DE LAZA

## 9.2.- Biblioteca e medios audiovisuais

Cada profesor será responsable destas instalacións e responsabilizase delas, xunto cos alumnos que leve, no intre da súa utilización, sempre baixo as normas e premisas do PLAN LECTOR.

Queda establecido o equipo da biblioteca formado por tódolos mestres/as do centro e sendo o coordinadora Juan Luis Rivero Gallego

### 9.3.- Quendas de vixiancias

Os recreos da mañá serán vixiados polos mestres/as que lle corresponde a súa quenda. O recreo de comedor será vixiado polos colaboradores.

### 9.4.- Gardas

Debido a falta de profesorado é imposible completar cada hora cun mestre/a de garda.

### 9.5- Gardas de TRANSPORTE (Antes da chegada dos alumnos/as) ao centro

Están expostas no Taboleiro da sala de Profesores. Corresponde segundo orde da Consellería 1 mestre/a por cada 25 alumnos/as. Segundo figura nas follas de ruta do transporte, estes teñen a súa chegada ao centro ás 9.15 polo que queda xustificado o tempo de garda dos Mestres.

## 10. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

- **Acción titorial**

A sección titorial levarase a cabo baixo os seguintes aspectos:

❖ Coñecemento das características persoais do neno.

❖ Orientación directa e inmediata.

❖ Información ás familias da evolución persoal do alumno e coordinación da relación Centro-Familia.

❖ Seguir a marcha educativa dos alumnos e informar ó Equipo Docente dos casos problemáticos e específicos.

❖ Cumprimentar a documentación oficial de avaliación dos alumnos ao seu cargo.

❖ Considerase fundamental o contacto pais-titor polo que se establece o horario de titorías expreso no calendario de reunións.

**PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

# PRIMARIA

## 1. OBXECTIVOS

- Favorecer a integración do alumnado no grupo clase aportando ferramentas para a súa acollida e adaptación.
- Axudar a que o alumnado adquira habilidades sociais , hábitos de participación e compañeirismo.
- Conseguir que o neno/nena afiance unha actitude positiva de sí mesmo/a.
- Aportar medidas creativas que atendan á diversidade.
- Posibilitar unha boa coordinación entre os /as mestres/as do equipo unificando criterios na medida do posible.
- Implicar ás familias nas actividades de aula.

## 2. PROFESORADO

No inicio do curso os titores dispoñen de toda a información sobre cada alumno/a a través do expediente e a información oral que se transmite de titor/a a titor/a , o que permite unha avaliación inicial ampla do neno/a . A finais de Outubro teñen unha reunión cos pais e nais do alumnado de cada titoría.

Conxuntamente revisamos o RRI , establecemos o horario de atención ás nais e pais e elaboramos a P.X.A.

Toda a información pasa a través do titor/a , que é quen toma as decisións sobre as actuacións a realizar , que segundo conveña, serán de xeito individual ou co apoio doutros/as mestres/as e/ ou a dirección do centro .

O titor /a é quen leva rexistro das faltas de asistencia ou puntualidade do alumnado e se encarga de solicitar ás familias información ó respecto.

Se encarga así mesmo de facer unha valoración actitudinal, e unha valoración das competencias e necesidades do alumno/a durante o proceso educativo a partir da súa observación e dos datos recabados entre o profesorado que imparte clase nese mesmo ciclo noutras áreas, para o que se vale da avaliación inicial, das reunións de coordinación entre o profesorado do ciclo, reunións de avaliación e ó remate de cada ciclo .Toda esa información se reflectirá nas conversas coas familias e nos boletíns de notas.

Tamén se encarga de solicitar a axuda do/a orientador/a de zona en caso necesario e aplicar as medidas que se acorden.

Os representantes do profesorado no Consello escolar informan da evolución da convivencia no centro nas reunións trimestrais.

A final de curso incorporamos un informe xeral sobre o P.A.T. durante o curso escolar na Memoria Anual.

## 3. FAMILIAS

A principio de curso hai unha reunión coas nais e pais correspondentes a cada titoría: un día Infantil e outro Primaria.

En xeral veñen polo centro para interesarse polos nenos/as e se comunican a miúdo telefonicamente co profesorado ou presencialmente varias veces en cada trimestre. Ó tratarse dun medio rural, as nais/pais son atendidos/as sempre que se achegan ó centro Apoian as actividades do centro e acude a maioría cando se lles convoca.

O titor/a é quen realiza o seguimento do alumno/a aínda que normalmente tanto os titores/as coma os demais profesores que imparten clase no curso se entrevistan coas nais e pais , ben sexa presencialmente ou telefonicamente.

Canto xurde un problema, se a familia non o detectou, o titor/a ponse en contacto con ela.

## 4. APOIOS AO P.A.T.

Contamos cunha orientadora , que ten o centro base no CEIP Raúl Fernández de Castrelo deo Val. Traballa no noso centro unha vez por semana.

Solicitamos axuda cando necesitamos , para que realice informes dos nenos/as que consideramos oportuno ou se temos alumnado con AC.

Pero é de especial relevancia o s eu apoio aos titores/as para o deseño , posta en práctica e avaliación de actividades de autoestima, traballo en grupos, técnicas estudo, animación á lectura, xogos para mellora da convivencia, ou atención á diversidade.

Cando temos alumnos/as con necesidades especiais que reciben algún tipo de beca ou alumnos /as de familias en situacións desfavorecidas acudimos ós servizos sociais do concello , para que estean atentos aos prazos de solicitude e realicen un seguimento.

Este plan se complementa co Plan de Convivencia do centro e o Plan de Orientación Profesional , no que se poden consultar outros aspectos relacionados co P.A.T.

# INFANTIL

| INFANTIL | ALUMNOS/AS | NAIS,PAIS,TITORES | MESTRE/A |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | a) Integración na clase<br>b) Adquirir hábitos<br>c) Conquerir actitude positiva de sí mesmo/a | a)Continuar fomentando a relación cos pais<br>b)Implicar óas pais nas actividades de aula cada vez máis. | a) Unificar criterios no ciclo<br>b) Coordinación co ciclo seguinte |
| **ACTIVIDADES** | a) Presentar aula= continuidade do fogar<br>b) Xogos de convivencia<br>c) Exercicios de autoestima | a)Entrevistas individuais<br>b)Reunións de grupo<br>c)Participación activa en actividades | a) Reunións de ciclo<br>b) Reunións co 1º ciclo de Primaria |
| **TEMPORALIZACIÓN** | Todo o curso | a) No comezo do curso<br>b) Cada trimestre<br>c)Saídas, excursións , festas | a) Todo o curso<br>b) Reunións ó inicio curso e cada avaliación<br>c)A fin de ciclo e comezo Prim. |
| **RECURSOS** | - Alumnos/as<br>- Titores<br>- Orientadora<br>- Elixidos polos titores/as | -Nais, pais,titores<br>-Mestres titores<br>-Modelos de entrevista<br>-Modelos de enquisas | -Mestres titores<br>-Prox. Curricular<br>-Prox. Educativo<br>-Libros texto<br>-Programac. Aula<br>-Expedientes |
| **METODOLOXÍA** | - Participación activa nos xogos,traballos e responsabilidades<br>- Recollida de datos familiares e académicos<br>- Propostas de melloras | -Reunións<br>-Entrevistas<br>-Participación activa na aula con:opinións, presenza ou recursos materiais | -Consultas de prox.educativo e curricular<br>-Elaboración de Programas<br>-Expedientes<br>-Exposición de criterios a unificar |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **AVALIACIÓN** | - Unha inicial: recollida de datos (entrevista familiar)<br>- Observacións durante o período de adaptación<br>- Outra cada trimestre<br>- A final correspondente a | -Controlando asistencia de pais e grao de implicación nas propostas<br><br>-Valorando a preocupación individual pola formación dos seus | -Valorando se os plantexamentos propostos son positivos ou negativos, se hai que reforzalos ou rectifcalos |

## 11.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

**11.1.- Equipo de Educación infantil**

Coordinadora: Carolina Palomanes Martínez (Olga Vieito Pérez)

Outros compoñentes: Todos os profesores que imparten clases neste ciclo.

**11.2.- Equipo de 4º,5º,6º Curso de Educación Primaria**

Coordinadora: Lucía Feijoo Míguez

Outros compoñentes: Todos os profesores que imparten clases neste ciclo.

**11.3.- Equipo de 1º, 2º 3º Curso de Educación Primaria**

Coordinador: José E. Sixto Valcárcel

Outros compoñentes: Todos os profesores que imparten clases neste ciclo.

**11.4.-Departamento de Actividades Complementarias e extraescolares** Coordinador: José E. Sixto Valcárcel. Outros compoñentes: Todo o Claustro de profesores.

**11.5.- Equipo de Dinamización Lingüística**

Coordinador: Juan Luis Rivero Gallego

Outros compoñentes: Tódolos/as profesores/as do centro

**11.6.-Equipo de Biblioteca**

Coordinador: Juan Luis Rivero Gallego

Outros compoñentes: Tódolos/as profesores/as do centro

**11.7. Equipo das TIC e Plan Dixital**

Coordinadora: Rebeca Fernández González

Outros compoñentes: Tódolos/as profesores/as do centro

### 11.8.- Funcións dos equipos docentes

A coordinación horizontal do proceso educativo levarana a cabo todos os profesores dun mesmo equipo constituíndose en equipo docentes e coas seguintes funcións:

- Facer, revisar e actualizar a programación dos distintos Departamentos para o equipo ou nivel correspondente.
- Coordinación interdisciplinaria das distintas programacións.
- Fixar os criterios de avaliación do alumnado, recuperación e pro acción.
- Coordinar os recursos didácticos.
- Promover intercambios de experiencias.

## 12. -PROXECTO LECTOR

### 1. XUSTIFICACIÓN

Hoxe en día considérase que a lectura é algo esencial e imprescindible, xa que é necesario estar preparado para asimilar, comprender e analizar a cantidade de mensaxes que a diario se reciben, e poder darlle unha resposta o máis critica posible.

As deficiencias de comprensión e a utilización da lectura como unha simple técnica do desciframento, son a principal base do fenómeno do fracaso escolar, por iso consideramos como un obxectivo prioritario dentro do Currículo de Primaria o desenvolvemento da competencia lectoescritora (comprensión, reflexión, capacidade crítica, busca de información, análise etc.) para que a consecución de óptimos niveis funcionais neste ámbito incida nos gustos lectores do alumnado e na lectura como práctica continuada.

Partindo da nosa realidade, (ámbito socio-cultural, motivación do alumnado, intereses dos pais.....) pensamos na necesidade de facer máis fincapé no desenvolvemento desta competencia coa finalidade de crear e afianzar no alumnado hábitos lectores , buscando a ser posible o compromiso coas familias.

## 2. O NOSO CENTRO

### 2.1. ENTORNO SOCIAL

O noso centro “CEIP O Castiñeiro” está situado na capital municipal. É un colexio publico de Infantil e Primaria, onde a totalidade dos nenos/as proveñen dun entorno rural, polo tanto falan galego na casa, no pobo e na escola.

O colexio é moi reducido, sobre todo se temos en conta a matrícula que ten hoxe en día. Conta con servizo de transporte e comedor escolar, unha biblioteca, xinmasio (patio cuberto), pistas polideportivas, aula de inglés, de música, de informática. Os espazos exteriores son suficientes para o disfrute e goce dos nenos nas horas de recreo.

Os recursos materiais con que conta o centro son os adecuados, pero non suficientes se os comparamos con outros centros das mesmas características e as necesidades educativas de hoxe en día

En canto aos núcleos familiares son pequenos, con tendencia a ter un ou dous fillos como moito, viven en casas confortables e ben acondicionadas. A maioría dos país traballan no sector da construción, mentres que as nais traballan na casa. O nivel socioeconómico é medio.

A nivel lector cabe destacar o incremento polo hábito da lectura que se ven levando a cabo nos últimos anos, pero aínda insuficiente.

### 2.2. NÚMERO DE GRUPOS E ALUMNOS/AS.

O centro conta con 27 nenos e nenas matriculados entre educación infantil e primaria. En infantil hai 7 nenos, 4 de 3 anos , 1 de 4 anos e 2 de 5 anos. En primeiro de primaria hai 5 nenos, en segundo 4, en terceiro 4, en cuarto 3, en quinto 5 e en sexto 0.

## 2.3 ANÁLISE DA PRÁCTICA LECTORA DO ALUMNADO

Aínda que xa dende Educación Infantil, os nenos coñecen a biblioteca e a importancia que ten a lectura ao longo da nosa vida, son poucos os nenos que acoden a elahabitualmente e gozan coa lectura dalgún libro. Isto implica, que o nivel do noso alumnado tanto en lectura expresiva como comprensiva, non sexa o axeitado para enfrontarse a un óptimo proceso de ensino-aprendizaxe.

A decisión da renovación deste proxecto lector veu incentivada, porque observamos os seguintes problemas relacionados coa lectura:

- Conquerir meirandes hábitos de lectura
- Problemas de atención e falta de comprensión do que len.
- Identifican o ler como unha obriga
- Non se identifica lectura con pracer.

## 2.4. ACTUACIÓNS DO CENTRO PARA O FOMENTO DA LECTURA.

No noso centro sempre lle dimos moita importancia á lectura, xa que é unha ferramenta necesaria para calquera actividade que se queira realizar, ademais dun instrumento inmellorable para o desenvolvemento da imaxinación e enriquecemento do vocabulario.

O CASTIÑEIRO

Por iso, ademais da atención que se lle presta no currículo, con lecturas de historias e o seu posterior exercicio de comprensión, lectura por parte dos alumnos en voz alta de textos nos seus libros de calquera materia, levamos a cabo as seguintes actuacións que agora citamos e que máis adiante explicaremos con máis detalle:

- Lectura diaria na aula.
- Lectura na biblioteca.
- Fichas resumen.
- Visitas a bibliotecas.
- Contacontos.
- Teatro.
- Elaboración de textos e talleres creativos.

**3. <u>A BIBLIOTECA</u>**

A nosa biblioteca está ubicada na planta cero do edificio, o resto das aulas está no 1º andar.

Ten 80 metros cadrados, cunha planta practicamente rectangular. Non ten ningunha columna que dificulte a mobilidade pola mesma. Ademais conta con grandes fiestras nunha das paredes no cal se lle colocaron unhas persianas para facilitar que entre a luz cando se desexe.

Mencionar que ao non contar o centro cun salón de actos moitas das actividades grupais que se realizan fanse alí (visionado de películas, Contacontos, ...).

Na parede da dereita e fondo están as andeis onde se encontran os diversos libros existentes, colocados segundo a idade a que van destinados e a temática que tratan. Neste curso ordenaremos de novo toda a biblioteca.

No medio da aula atópanse varias mesas e cadeiras para que os nenos que o desexen se poidan sentar a ler, ou a xogar a diversos xogos educativos.

Por todo o comentado ata agora decidimos empezar a traballar e presentar a renovación deste plan co fin de mellorar tanto o proceso de lectoescritura como o uso da biblioteca escolar.

### 3.1. 1 CLUB DE LECTURA

"Resolución do 2 do outubro de 2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, dentro das actuacións para o fomento da lectura no ámbito educativo, no contexto do Plan LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe), pola que se incentiva o funcionamento de CLUBS DE LECTURA en centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que acollan ensinanzas de educación primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional, tanto en réxime ordinario como de Aprendizaxe Permanente, ou Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas, durante o curso 2023/24."

Segundo convocatoria, no contexto das actuacións para o fomento da lectura no ámbito educativo, pola que se incentiva o funcionamento de CLUBS DE LECTURA en centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que acollan ensinanzas de educación primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional (tanto en réxime ordinario como de persoas adultas), ou ensinanzas de réxime especial durante o curso 2023/2024 presentamos a convocatoria para crear un Club de Lectura no CEIP O Castiñeiro de Laza e segundo se acordou a continuidade en Consello Eso¡colar do 29-06-23.

Sería en grupos que se organizan e en tempo de lecer (os recreos) fanse encontros para ler ou facer actividades relacionada con libros. Estes encontros en principio cada 2 semanas. Haberá 3 grupos: 1 con alumnos de 6°, outro con alumnos de 4° e 5° e outro con alumnos de 3°. Cada un dos grupos vai ser dinamizado por un profesor.

Faranse dúas reunións ó mes, entón eses días pois quedar con eles a facer as propostas.

## 4. COORDINACIÓN DO PLAN

Este plan lector é coordinado por Juan Luis Rivero Gallego, en colaboración co resto de mestres pertencentes a dito claustro. O coordinador é funcionario en prácticas no centro na Especialidade de Audición e Linguaxe. Para obter todos os datos aquí reflectidos, contou co apoio inestimable de todo o claustro de profesores formado por os seguintes mestres

| Apelidos e nome | Destino | Especialida. | Cargos |
|---|---|---|---|
| José E. Sixto Valcárcel | Provisional | Inglés | -Titor 1º,2º e 3º de primaria<br>- Coordinadora das seccións bilingües<br>-Coordinador Extraescolares |
| Rivero Gallego, Juan Luis | Definitivo | Primaria<br>Ed. Física | -Director<br>-Coordinador Dinamización<br>-Coordinador Biblioteca |
| Lucía Feijoo Míguez | Provisional | Música | - Titora de 4º, 5º e 6º de primaria<br>- Música<br>- Coordinadora benestar e CP |
| Palomanes Martínez, Carolina (Olga Vieito Pérez) | Definitiva (Provisional) | Infantil | - Titora Infantil |
| Mestra de PROA+ (Ainara Álvarez Fernández) | Provisional - PROA | Primaria | - PROA |
| Rebeca Fernández González | Provisional - Itinerante | AL | - AL<br>- Coordinador TICS, Plan Dixital, e PFPP |

Para o logro dos obxectivos propostos neste plan, o equipo de biblioteca realizará neste curso e nos vindeiros as seguintes actuacións:

- Organización do material bibliográfico, audiovisual, didáctico..
- Realización de carteis informativos das distintas seccións que hai na mesma.
- Elaboración de listados de materiais necesarios.
- Organización de visitas a biblioteca municipal.
- Solicitude de axudas a distintas institucións.
- Manter reunións periódicas cos distintos colaboradores.

## 5. PLAN DE ACTUACIÓN

### 5.1. OBXECTIVOS XERAIS.

***Para fomentar a lectura e a escritura no noso centro propomos os***

***seguintes obxectivos:***

- Acercar o libro ao alumnado posibilitándolle o descubrimento das riquezas que conteñen, creando situacións de necesidade de ler e escribir correctamente.
- Potenciar os valores na lectura activa, propondo a intervención e o protagonismo do alumno-a, recreando, interpretando, modificando textos, comunicando experiencias etc.
- Provocar o interese polos libros en xeral, buscando sempre o dominio da lectura e da escritura.
- Por a disposición do alumnado técnicas e recursos para traballar e utilizar calquera material bibliográfico, creando oportunidades para ler e escribir textos diversos.
- Provocar o sorriso, o coa lectura, así como a reflexión crítica, creando situacións e ambientes nas clases e no centro que permitan a interacción entre os mestres e os lectores.

**5.2. ACTIVIDADES.**

Unha vez formulados os obxectivos a lograr, as actuacións que imos levar a cabo durante este curso e nos vindeiros, son e serán as seguintes:

**A) LECTURA DIARIA NA AULA:**

Tal e como vimos facendo ata agora, continuaremos coa lectura diaria nas aulas, tanto de libros propios dela (coa realización de actividades de comprensión lectora tanto en Educación Infantil como en Primaria) coma dos libros de texto. Un exemplo desta

actividade podería ser a seguinte: un alumno-a lee en voz alta un texto dun libro mentres os demais compañeiros seguen a lectura, procedendo a súa posterior explicación tanto por parte do alumnado como do mestre-a que os atende nese momento.

Este tipo de actividade axúdalle a recoñecer as ideas principias dos texto e a saber relacionar a distinta información que conteñen.

No horario escolar figurará un tempo destinado á lectura. Todos os ciclos e etapas educativas do centro establecerán este tempo que non deberá ser inferior a unha hora semanal, e a ser posible en varias sesións.

**B) LECTURA NA BIBLIOTECA:**

Como xa se ven facendo nos últimos anos, o alumnado pode acudir a dito espazo nas horas de recreo para realizar lecturas de calquera tipo de texto, habituando os alumnos/as ás normas básicas que é necesario cumprir cando acudimos a unha delas, ven sexa á escolar, á municipal, á provincial ou a calquera outra.

Do tempo semanal dedicado á lectura, sería interesante que cada titoría organizase lecturas na propia biblioteca para conciencialos da necesidade e as vantaxes que ten o uso dunha correcta lecto-escritura á hora de lograr os obxectivos e as competencias propostas para cada etapa educativa.

### C) FICHAS RESUMO:

Tal e como xa se ven realizando neste curso o alumnado realiza unha ficha resumo de cada libro que lee. Nela debe constar o título, o autor, o número de páxinas que ten, o idioma no que está escrito e un pequeno resumo do libro. A finalidade é que ditas fichas queden gardadas nunha caixa na biblioteca a que todos os nenos teñen acceso, para que dunha forma rápida e concisa os nenos que non o lerán saiban de que se trata e se animen a lelo. Tamén en cada ficha se porá unha valoración numérica do libro (do 1 ao 5, sendo o 1 a nota máis negativa e o 5 a nota máis positiva) para que quede constancia na escola cales son os libros máis lidos e os que máis gustaron.

Haberá un premio para aquel alumno-a que lea máis libros, e que o faga de form a correcta. Evidentemente o premio vai a ser un libro.

Outra actividade parecida a esta, consiste en facer un debuxo do libro que lemos, mediante o cal os outros nenos intenten adiviñar ou aproximarse o argumento do libro no que se basea o debuxo. O que se pretende con estas actividades e animar aos nenos a ler e que non o vexan como algo imposto polos mestres-as, como unha obriga.

### D) VISITAS A BIBLIOTECAS

Procuraremos visitar algunha biblioteca importante, como biblioteca Municipal de Ourense, onde ademais de mostrarlle como é a biblioteca, o seu funcionamento, como están ordenados os libros, que é o que temos que facer para coller un libro en préstamo, ...

se poden realizar Contacontos coa axuda de animadoras. Unha vez rematado o Contacontos os alumnos/as poden realizar actividades plásticas (debuxos, murais...) sobre o mesmo.

### E) CONTACONTOS

Realizaremos varios contacontos, tanto por parte do alumnado do propio centro

coma doutros especialistas que poidan vir doutro centros . Algúns do propio concello, outros dos concellos limítrofes e outros pertencentes a editoriais das cales temos coleccións de contos no centro. Os temas tratados nos Contacontos son temas vixentes na actualidade como o cambio climático e a violencia de xénero, a igualdade , a convivencia…

Procuraremos realizar varias sesións de Contacontos ao longo do curso.

**F) TEATRO**

No centro realizamos pequenas obras de teatro para representar en días sinalados como é o festival de Nadal, o día das Letras Galegas, e na festa de fin de curso.

Tamén se acudiremos á representación dalgunha obra de teatro que se organice no auditorio do Verín, como son:

- Cenicienta solo quiere bailar.
- Diario de Anna Frank

**G) ELABORACIÓN DE TEXTOS**

Co fin de darlle a coñecer aos nosos alumnos a maior información posible e coincidindo con celebracións e efemérides (Día das Letras Galegas, día da Paz, día do libro....)

os alumnos realizan debuxos e murais que despois son expostos no colexio para darlles a coñecer a toda á comunidade educativa.

**H) XORNAL ESCOLAR**

Continuaremos a realizar o Xornal escolar, cando menos unha edición por curso, no que reflectiremos todas aquelas novas que consideremos de interese para a comunidade educativa.

### I) OUTRAS POSIBLES ACTIVIDADES PARA REALIZAR

- - Creación dunha biblioteca virtual
- - Visita a unha editorial para ver o proceso de elaboración dos libros.
- - Facer un libro de contos entre todos e despois publicalo.
- -Taller de poesía.
- -Concurso de contos de medo.

## 5.3. TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

| ACTIVIDADE | RESPONSABLES | PERÍODO |
|---|---|---|
| Lectura diaria na aula | Titor/a<br>Responsable da Aula | Todo curso |
| Lectura na biblioteca | Titor | Todo curso |
| Visitas a bibliotecas | Coordinador biblioteca<br>Profesores encargados | 1º trimestre |
| Contacontos... | Concello, editoriais, animadores | Todo curso |
| Teatro | Profesores responsables | Todo curso |
| Fichas resumo | Profesores responsables | Todo curso |
| Talleres creativos | Profesores responsables | Todo curso |
| Fichas resumo | Coordinador biblioteca | Todo curso |

## 5.4. PLAN DE USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Dado que estamos partindo da biblioteca como centro base para alcanzar unha mellor formación lectora os obxectivos a alcanzar serían:

- Ofrecer dentro e fóra do horario escolar un tempo determinado para a práctica da lectura libre.
- Servir como espazo de comunicación, de encontro e intercambio, de exposición e participación, de produción e de xestión.

- Deseñar estratexias e proxectos de animación a lectura para todos.

- Desenvolver estratexias e actividades que tendan a conseguir que os nenos non vexan a escolar como único espazo para a lectura.

- Animar á práctica da lectura nos alumnos, ofrecendo espazos de sedución e de intercambio de experiencias.

***Cremos que para levar a cabo correctamente o noso plan lector, será necesario, nun primeiro momento, acondicionar totalmente a biblioteca. Polo que consideramos prioritario levar a cabo as seguintes actividades:***

- Realizar carteis indicativos tanto da ubicación, como das temáticas.

- Dotar á biblioteca de material informático para facilitar a catalogación dos libros.

- Adquirir novo material impreso para aumentar a dotación xa existente.

Mentres isto non sexa posible, seguiremos utilizando o sistema de préstamos que está vixente .

Outras actividades que se poden realizar na mesma son os talleres creativos, xa que polo seu amplo espazo permítenos unha maior mobilidade a todo o alumnado, podendo incluso participar no noso caso todo alumnado do centro.

Tamén se podería realizar algunha actividade extraescolar no espazo da biblioteca, sendo responsable da mesma un monitor/a mandado polo concello, na que poden participar tanto os pais coma os nenos.

**6. <u>RECURSOS ECONÓMICOS E MATERIAIS</u>**

**1. OS QUE APORTA O CENTRO**

- Dotación de libros para a animación a lectura.

- Material funxible para a elaboración de carteis, murais e traballos escritos.
- Outros materiais.

**2. OS QUE APORTAN OUTRAS INSTITUCIÓNS**

- Dotación de libros de literatura infantil e xuvenil para distintas idades por parte das editoriais dos libros de textos, así como material de apoio ao profesorado.

**3. O QUE APORTA A CONSELLERÍA EDUCATIVA**

- Material informático
- Mobiliario de biblioteca.
- Dotación económica.

Tamén este ano contamos co material de Biblioteca Inclusiva, aportado pola Consellería.

## 7. AVALIACIÓN

***Os criterios nos que nos vamos a basear para realizar a avaliación do noso plan serán***:

- Nivel de lectura expresiva dos alumnos/as. Ritmo e entoación.
- Comprensión lectora. Ideas principias dun texto.
- Escritura. Realizar resumes e esquemas. Regras ortográficas
- básicas segundo a idade do alumnado.
- Gusto, goce e disfrute coa lectura.

***Para avaliar o grado de implicación do profesorado e a adecuación ou non deste plan as necesidades do centro e da nosa comunidade educativa, atenderemos***

***os seguintes criterios:***

- Uso por parte do profesorado dos momentos destinados ó seu grupo
- dentro do horario da biblioteca.
- Uso dos materiais de apoio que existen na biblioteca para axudalos
- na súa función docente.
- Cantidade e calidade de materiais elaborados nos talleres creativos.
- Grado de conformidade do profesorado co sistema de información do
- material da biblioteca.

E xa para rematar, deixar constancia que sería importante que cada curso escolar este plan lector fora revisado e avaliado para ver si realmente cumpre cos obxectivos propostos.

1. **LECTURAS**

**RECOMENDADAS** INFANTIL:

- A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza.
- Corre, corre cabaciña.
- Topito terremoto.
- As princesas tamén tiran peidos.
- A cebra Camila.
- Cocorico ( toda a colección)

**1º CURSO:**

- Unha toupa nun mar de herba. Joan de Déu Prats

- A máxica historia do Ratiño Pérez. Fidel del Castillo.
- Dóeme a lingua. Margarita Mainé

**2º CURSO:**

- A vaca Maruja esquía en Valbabuxa. Xavier Frías Conde
- Catro pitas. Xavier López Rodríguez.
- A miña veciña éche unha bruxa. Paloma Bordons

**3º CURSO:**

- A máquina contacontos. Xelís de Toro.
- Manual para unha pequena meiga. Gloria Sánchez García.
- Ra por un día. Mº Teresa Aretzaga

**4º CURSO:**

- A escola dos piratas. Agustín Fernández Paz
- Correo urxente. Paula Carballeira.
- O estanque dos parrrulos pobres. Fina Casalderrey

**5º CURSO:**

- Down. An Alfaya
- Meu avo o presunto. Paloma Bordons.
- Unha inmensa vaca marela. J.F. Renau.

**6º CURSO:**

- ¿Queres se-lo mozo da miña irmá? Maite Carranza
- Trece anos de Branca. Agustín Fernández Paz
- Ideas de bombeiro. Andreu Martín.

# 13.- PLAN TIC

## 13.1 – INTRODUCIÓN

As Novas Tecnoloxías son elementos de mellora na Calidade do Ensino que posibilitan o acceso á información tanto para o profesorado como para o alumnado. A introdución da informática, xa desde a E. Infantil, é un reto que o Centro quere afrontar, asumindo, tanto no plano humano como no plano económico, os custos derivados da inclusión das Novas Tecnoloxías. Desta forma, o noso Centro está disposto a aproveitarse dos avances tecnolóxicos en pos de conseguir un Ensino de maior calidade.

Na actualidade son moitos os recursos cos que contan as Novas Tecnoloxías para axudar ó alumnado no seu proceso formativo. Unha medida de Atención á Diversidade, é achegar as T.I.C. a todo o alumnado, para que deste xeito teña acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación.

**Algúns criterios nos que habemos de basear o noso traballo cos alumnos neste campo e que, loxicamente, deben quedar reflectidos neste plan de actuación son os seguintes:**

O computador debe ser introducido nas aulas para que os alumnos, desde a Educación Infantil, poidan aprender a usalo como un instrumento particularmente útil en cada actividade cotiá.

Unha vez establecido que o computador introdúcese na escola como instrumento de traballo diario, é necesario equilibrar e pór os fins do seu uso, elixir con coidado o software que se vai a utilizar e presentar o equipo con naturalidade, non como unha panacea.

A posibilidade de interacción que ofrece o computador debe de ser aproveitada para estimular e satisfacer a curiosidade e afán de aprender dos alumnos, os cales adquirirán

familiaridade co instrumento e, guiados oportunamente, terán á súa disposición un medio de estudo e traballo extremadamente potente.

As actividades desenvolvidas no centro deben contribuír, por outra banda, a compensar posibles carencias e a nivelar os desaxustes que, en relación ao acceso dos alumnos ás T.I.C., teñen a súa orixe na contorna familiar, social e cultural.

**13.2 – OBXECTIVOS**

**1. Como obxectivo fundamental o noso Centro pretende:**

· Integrar o uso das Tecnoloxías de a Información e da Comunicación nas tarefas que se realizan no Centro, de modo que profesorado e alumnado utilícenas como unha ferramenta máis nos procesos de ensino- aprendizaxe e sirvan como vehículo de comunicación e acceso a información de todos os cidadáns en igualdade de condicións .

**2. Obxectivos en relación co profesorado:**

- Proporcionar soporte técnico para a realización de programas formativos, fomentando deste xeito o traballo en equipo.
- Posibilitar o acceso á información contida na Rede: Consultar información profesional: lexislación, convocatorias, concursos...
- Compartir experiencias, ideas, información con outros profesores e profesoras a través do correo electrónico, os grupos de noticias, páxinas Web, o chat...
- Utilizar as ferramentas informáticas para o traballo cotián e as actividades do aula: programacións, actividades, controis, fichas, etc.

**3. Obxectivos en relación co alumnado:**

- Potenciar o seu desenvolvemento cognitivo e aprendizaxe innovadora mediante novas contornas que favorezan o desenvolvemento de habilidades, destrezas e adquisición de coñecementos.

- Impulsar o uso racional e crítico das NNTT, capacitándoos para entender e expresarse a través delas..

- Desenvolver a capacidade de acceder, organizar, tratar, a información mediante os novos medios informáticos. Aprender a buscar, seleccionar e valorar información na rede, a enciclopedia máis extensa, variada e actual, e para usar esa información como recurso educativo.
- Comunicarse con escolares doutras contornas e practicar idiomas, descubrir outras culturas, contrastar ideas...
- Aprender a usar as novas ferramentas e os novos medios para comunicarse e para publicar información a audiencias potencialmente ilimitadas a través da rede.

**4. En relación á Comunidade**

- Mellorar a comunicación entre o profesorado, alumnado e familias, ampliando a oferta formativa e as posibilidades que as NNTT ofrécennos.
- Facilitar o entendemento entre os diferentes estamentos da comunidade educativa, mellorando a comunicación, propiciando puntos de encontro, promovendo a participación en proxectos conxuntos.

- Acceder aos servizos da Rede do novo portal educativo da nosa comunidade (www.edu.xunta.es).
- Modernizar e axilizar a xestión do centro.

**13.3 – ORGANIZACIÓN**

1. **Función do coordinador.**

Aínda que poden variar en determinados momentos en función dos obxectivos que se pretenden conseguir, as súas funcións son as seguintes:

- Coordinar e dinamizar a integración curricular das Tecnoloxías de a Información

e a Comunicación no centro.

- Elaborar propostas para a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro, así como velar polo seu cumprimento.

- A supervisión da instalación, configuración e desinstalación do software de finalidade curricular.
- Asesorar ao profesorado sobre materiais curriculares en soportes multimedia, a súa utilización e estratexia de incorporación á planificación didáctica.
- Realizar a análise de necesidades do centro relacionadas coas Tecnoloxías da Información e a Comunicación.
- Colaborar coas estruturas de coordinación do ámbito das Tecnoloxías da información e a comunicación que se establezan, a fin de garantir actuacións coherentes do centro e poder incorporar e difundir iniciativas valiosas na utilización didáctica das TIC.
- Colaborar co centro de Apoio ao Profesorado da súa zona territorial na elaboración dun itinerario formativo do centro que dea resposta ás necesidades que, neste ámbito, ten o profesorado.

**2. Plan de traballo do coordinador.**

- Supervisar o equipamento e material informático do que dispomos e mantelo actualizado.
- Realizar cursos de formación nos CEFORES.
- Realizar unha análise das necesidades do centro e dos profesores/as.
- Clasificar por etapas, materias e contidos os programas educativos freeware, comerciais, demos, direccións web, e o software que nos proporciona a Consellería de Educación.
- Elaborar en forma de cadros todos os contidos de E. Infantil e de E. Primaria relacionándoos con aquelas páxinas "Web", ou aqueles programas educativos que poden axudar á mellor comprensión de devanditos contidos. Devanditos cadros estarán en construción permanente debido á complexidade da tarefa e

a que o software informático está en continua evolución.

- Dar información acerca das T.I.C
- Ampliar a aplicación de programas de diferentes áreas e campos de traballo.

- Apoiar aos titores na utilización do aula de informática para desenvolver calquera actividade que queiran levar a cabo cos alumnos.
- Utilizar o computador e o proxector de pantalla como elemento motivador nas diferentes áreas.
- Integrar o computador no currículo como elemento de axuda.
- Fomentar a utilización de Internet por parte do profesorado.
- Utilizar o correo electrónico para recibir información e como medio de comunicación con outros profesores e centros.
- Participar, xunto a outros centros docentes, na experiencia do uso de medios informáticos para a elaboración e intercambio de materiais educativos por parte dos alumnos/as.
- Propor a realización de todas aquelas reunións que se consideren necesarias segundo os asuntos que poidan xurdir: adquisición de materiais, utilización de programas, etc.

O colexio dispón dunha sala de informática ampla situada no primeiro andar, destinada ás NNTT. O equipamento informático é axeitado aínda que so hai 3 pcs de última xeración. Dispón de 5 equipos completos para os alumnos con dúas cadeiras en cada equipo. O sistema operativo dos alumnos é Windows XP. impresora Epson Stylus C86, escáner Epson e Webcam. Conta con encerado dixital, portátil e conon Epson.

**6.- Metodoloxía.**

a) <u>Xeral</u>

- Antes de iniciar calquera actividade con alumnos, o mestre debe coñecer o funcionamento do aula: conexións dos computadores, utilización da rede e dos recursos compartidos, etc. En resumo, coñecer o material hardware con que se vai a traballar..
- Unha vez concluída a sesión, o mestre encargado do grupo é o responsable de que se apaguen todos os equipos e de que a sala quede recollida e ordenada de forma que estea dispoñible para o seu uso por un novo grupo.
- En canto á autonomía no emprego do computador por parte dos alumnos, así como o uso dos programas en cada momento, queda a discreción do mestre que utiliza o aula.

b) Antes de ir á aula

- Integrar o traballo no aula de informática dentro da programación do curso e dos contidos a traballar nel.
- mestre debe mirar ben os programas a fondo e que contidos traballan (anotando o que considere necesario).
- Practicar só antes de ir cos alumnos (os computadores sempre dan algunha sorpresa).
- Enmarcar o traballo informático dentro dunha actividade máis ampla: actividades previas, actividades no aula de informática e actividades posteriores.
- Prever o número de sesións e como se van a organizar: tempos, número de alumnos por equipo, localización dos alumnos, etc.
- Anotar no plano horario a utilización da sala por parte do grupo de alumnos.

c) Na aula

➢ Presenza directa do profesor: será maior canto máis pequenos sexan os alumnos; a clase será máis dirixida e controlada con alumnos de menor idade para ir dando, aos poucos, maior autonomía.

- Nas primeiras sesións, facer fincapé nos seguintes hábitos básicos: como acender e apagar o computador, posición correcta dos discos, teclear correctamente, uso do rato, etc.
- Ir sempre ao aula de informática con lapis e papel.
- Deixar sempre o máis claro posible o que pretendemos coa actividade: explicación inicial e traballo posterior ou pequenas explicacións antes de empezar calquera tarefa nova.
- Afacer aos alumnos, desde o principio, a respectar o material e a recoller e ordenar o aula ao finalizar.

d) Ao finalizar a sesión

- Cumprimentar o persoal de utilización do aula.
- Realizar algunha anotación: que fixemos, aspectos interesantes, modificacións para o curso próximo ou para a próxima sesión, problemas que xurdiron,
- comentarios, etc.
- Recoller o aula e desconectar os equipos, deixando todo preparado para o inicio dunha nova sesión por parte doutro grupo.
- Avaliar as actividades realizadas.
- Notificar ao Coordinador de NNTT as posibles incidencias que ocorran en canto a hardware e software para que sexan emendadas.

**13.3 – CONTIDOS A TRABALLAR COA APLICACIÓN DAS T.I.C.**

Os contidos son de dous tipos:

- Coñecemento do manexo dos diferentes programas utilizados cos computadores.
- Uso do "scanner", das impresoras, das posibilidades da "rede" para traballar programas educativos...

